

1

O debate sobre a orixe do ser humano

1.1. Darwin: a adaptación ao medio e a selección natural

Charles Darwin, o gran biólogo do século XIX, é o pai da **teoría da evolución**, segundo a cal as distintas especies de seres vivos se foron desenvolvendo sobre a terra a partir dun tronco común orixinario, seguindo unha sucesión de lentas variacións que resultaban vantaxosas para os individuos que as adquirían.

As dúas afirmacións máis importantes desta teoría son:

- É preciso supoñer un **parentesco real entre todas as formas de seres vivos** que existiron e que existen, xa que todos derivamos dunha mesma orixe común.

Habería mesmo un parentesco entre todos os seres do Universo, pois no evolucionismo propónse tamén a hipótese dunha evolución continuada da natureza no seu conxunto desde a nebulosa primitiva (a orixe do Universo) ata o ser humano.

O propósito de Darwin era inscribir o mundo dos organismos viventes na historia progresiva do cosmos.

- Na **loita pola vida**, sobreviven os individuos mellor adaptados ás condicións do medio, **os máis fortes**. Estes individuos son os que están en mellores condicións de producir unha descendencia máis abundante e de transmitir xeneticamente, dese xeito, as súas calidades adquiridas.

Esta é a famosa teoría da **selección natural**, confirmada logo por outro gran biólogo, Gregor Mendel, que cos seus experimentos demostrou que as mutacións que impulsan o proceso de evolución son transmisibles xeneticamente dunha xeración á seguinte. De modo que a adquisición de pequenas variacións e, a súa conservación por medio da herdanza producen as mutacións dos organismos vivos e o paso dunhas especies á outras.

A filosofía en persoa



Charles Darwin (1809-1882) foi un médico e biólogo que, aínda que o naturalista Jean-Baptiste Lamarck xa avanzara a hipótese do evolucionismo, propuxo a súa explicación dos mecanismos da evolución biolóxica mediante a súa teoría da selección natural, que entraña a supervivencia dos individuos máis fortes. Este mecanismo explicaría a formación de novas especies e a mellora progresiva dos individuos, en virtude dunha transmisión hereditaria dos caracteres adquiridos.

O alcance da achega de Darwin supera amplamente o marco dunha mera teoría biolóxica e obriga a reformular o lugar do ser humano no cosmos. As concepcións antropolóxicas non podían ser xa as mesmas despois de Darwin e a súa influencia estendeuse a todo o ámbito filosófico.

Non obstante, nos seus inicios, a teoría evolutiva de Darwin ofrecía puntos débiles: a ausencia de probas directas da eficacia da selección natural, a falta de evidencia da existencia de especies que desen explicación (a xeito de elos) das transicións entre unhas e outras, así como a excesiva xuventude da idade da terra (segundo os cálculos de Lord Kelvin, que logo se demostrarían erróneos) eran outros tantos problemas científicos que debían ser resoltos.

Glosario

Selección natural: proceso evolutivo polo que os individuos mellor adaptados ao medio teñen maiores oportunidades de sobrevivir e de reproducirse, transmitindo así a súa dotación xenética aos futuros descendentes da especie á que pertencen. Esta variación acaba fomentando a transformación das especies. A idea de selección natural enfrontábase ao creacionismo tradicional de orixe relixiosa, segundo o cal as especies foron creadas por Deus e non evolucionan.

Textualmente

«A simple existencia das variabilidades individuais é nos de escasa axuda para comprender como se forman as especies na natureza, como se puideron desenvolver e perfeccionar as precisas adaptacións dunha parte do organismo ás demais e ás condicións de vida dun organismo respecto a outro organismo. Estes resultados son a consecuencia inevitable da loita pola vida. Grazas a esta loita, calquera variación, por moi leve que sexa e calquera que sexa a súa orixe, posto que resulta útil a un individuo pertencente a calquera especie, nas súas relacións complexas con outros seres vivos e co mundo externo, contribuirá á súa conservación e será herdada polos seus descendentes».

C. Darwin, *A orixe das especies*.

- 1 Cales son, para Darwin, as consecuencias da loita pola vida entre os individuos da mesma especie e os de especies diversas?
- 2 Que significa que os que vencen na loita pola vida son os individuos mellor adaptados?
- 3 Sinala algunhas diferenzas entre a selección natural e a selección artificial realizada nos laboratorios mediante as técnicas de manipulación xenética.

1 O debate sobre a orixe do ser humano

1.2. É rectilínea a evolución?

O poder de convicción da teoría de Darwin debeuse a que ofrecía unha explicación científica completa e sistemática de todas as transformacións biolóxicas na natureza, apoiada en multitude de observacións e de experimentos.

Por iso, foi aceptada pola comunidade científica, e por todo o mundo en xeral, como unha verdade sen discusión.

Figuras do ámbito relixioso, como o xesuíta Teilhard de Chardin ou o cóengo Charles Kingsley, reinterpretaron o darwinismo e introducírono nos plans divinos: o ser humano sería produto evolutivo da natureza, pero ela mesma e toda a súa ordenación finalista deberíanse aos designios divinos.

Pero a investigación progresou moito despois de Darwin e corríxíronse diversos aspectos da súa teoría. O botánico Hugo de Vries comprobou que a evolución dos seres vivos non sempre foi progresiva e mediante lentos cambios sucesivos, senón que, ás veces, déronse rupturas e saltos bruscos. Por exemplo, non existe acordo con respecto ao primeiro gran salto: o paso do inanimado ao vivo.

Textualmente

«Supoñamos, por exemplo, que o Dr. Dupont sexa chamado urxentemente para visitar un novo enfermo, mentres que o fontaneiro Dubois traballa na reparación urxente do teitume dun inmobile veciño. Cando o Dr. Dupont pasa ao pé do inmobile, o fontaneiro solta por inadvertencia o seu martelo, cuxa traxectoria vai interceptar a do médico, que morre co cranio roto. Dicimos que non tivo sorte. Que outro termo empregar para un acontecemento así, imprevisible pola súa mesma natureza? O azar aquí debe evidentemente ser considerado como esencial, inherente á independencia total das dúas series de acontecementos cuxo encontro produciu o accidente. De modo que entre os acontecementos que poden provocar ou permitir un erro na replicación da mensaxe xenética e as súas consecuencias funcionais hai igualmente independencia total. O efecto funcional depende da estrutura, do papel actual da proteína modificada, das interaccións que asegura, das reaccións que cataliza. Cousas todas que non teñen nada que ver co acontecemento microscópico, cuántico, ao que por conseguinte aplícase o principio de incerteza. Acontecemento, pois, esencialmente imprevisible pola súa mesma natureza».

J. Monod, *O azar e a necesidade*, cap. 6.

- 1 Que é unha mutación e por que é, segundo o texto, produto do azar?
- 2 Segundo Monod, que papel desempeñan as mutacións na evolución?

A idea da evolución supón que os primeiros seres vivos xurdiron da materia non viva. Pero é evidente que entre o vivo e o inanimado hai unha liña divisoria que representa un importante salto cualitativo.

Cuestiónase, pois, a idea darwinista dun desenvolvemento en liña recta do conxunto dos seres vivos seguindo un **modelo único**.

Xa non se admite que a evolución parta dos organismos máis primitivos, ou sexa, dos protozoos, e vaia pasando polos insectos, os peixes, os anfibios, os réptiles, as aves, os mamíferos e os primates para chegar ao ser humano. Non hai un único curso evolutivo desde a ameiba ata o ser humano.

Mediante a investigación paleontolóxica (ou sexa, polo estudo dos fósiles) demostrouse, en contra deste modelo, que, a partir de saltos bruscos, iniciáronse ramas evolutivas diverxentes, superiores e inferiores, de seres vivos que seguiron traxectorias que coexistiron durante certo tempo de forma paralela e desconnectada entre si, proseguindo unhas e extinguíndose outras.

Textualmente

«Se habemos de comparar o ollo cun instrumento óptico, debemos imaxinar unha capa grosa de tecido transparente con espazos cheos de líquido e cun nervio sensible á luz situado debaixo; e entón supoñer que todas as partes desta capa están sempre a cambiar lentamente de densidade ata separarse en capas de diferentes grosos e densidades, colocadas a distancias diferentes unhas doutras, e cuxas superficies cambian continuamente de forma. Ademais, temos que supoñer que existe unha forza representada pola selección natural, ou supervivencia dos máis adecuados, que axexa, atenta e constantemente, toda lixeira variación nas capas transparentes e conserva cuidadosamente aquelas que nas diversas circunstancias tenden a producir, dalgún modo ou nalgún grao, unha imaxe máis clara. [...] Nos corpos viventes, a variación producirá as lixeiras modificacións, a xeración multiplicaráas case ata o infinito e a selección natural entresacará con infalible destreza todo perfeccionamento. Supoñamos que este proceso continúa durante millóns de anos e cada ano en millóns de individuos de moitas clases; poderemos deixar de creer que poida formarse deste modo un instrumento óptico vivente tan superior a un de vidro como as obras do Creador o son ás do home?».

C. Darwin, *A orixe das especies*, 4.

- 1 Xustifica a analogía que propón Darwin entre o ollo e o «instrumento óptico».
- 2 Que permite concluir que a selección natural obtén os mesmos resultados que a creatividade intelixente?

1.3. A aparición do ser humano

No evolucionismo actual xa non se admite, pois, a afirmación de Darwin de que a orde de sucesión no tempo dos seres vivos é tamén unha orde de descendencia. Non sempre as especies máis diferenciadas proceden de especies inferiores anteriores, senón que tamén hai retrocesos do máis perfeccionado ao menos perfeccionado.

En consecuencia, **non se pode falar de que a evolución indique unha tendencia lineal de perfeccionamento** na que o ser humano sexa o punto máis avanzado.

Os antepasados directos do ser humano actual encontrámoslos na época glacial, no Plistoceno superior, e son coñecidos co nome de *Homo sapiens*. Temos coñecemento deles polas pinturas rupestres e polos restos óseos que se conservaron.

Noutros períodos de tempo e en diversas partes do planeta descubríronse outros tipos de homínidos que non parece que tivesen relación con esta rama do *Homo sapiens*: o neandertal, de hai 100 000 anos; o sinántropo, que viviu hai 300 000 anos, e o pitecántropo, cunha antigüidade de 500 000 anos.

Mesmo sábese que en África viviron prehomínidos hai millóns de anos, como o oreopiteco, que puideron evolucionar independentemente cara á forma humana.

Esta diversidade demostra que os antepasados do ser humano actual non son os monos (o gorila, o orangután, o chimpancé), como se repetiu tantas veces, que forman unha rama propia cuxos antepasados directos nos son descoñecidos. Tampouco son antepasados do ser humano nin o pitecántropo nin o neandertal.



Como dixemos, o ser humano actual procede do *Homo sapiens*, o cal mostra unha liña propia de evolución que puido ser paralela e coexistir con outras ramas evolutivas, como a do neandertal, que acabaron extinguíndose.

Segundo as teorías que actualmente son máis aceptadas, o *Homo sapiens* apareceu ao ter que abandonar a vida nas árbores debido á glaciación e verse obrigado a camiñar erxeito.

Como ser carente de potentes órganos defensivos, o *Homo sapiens* houbo de adquirir calidades corporais para adaptarse ao seu novo medio, dando orixe a unha rama evolutiva única da que descendemos.

Esta interpretación implica que a orixe do ser humano non tivo lugar en diversos lugares ao mesmo tempo, senón que foi o resultado dunha prolongada loita dunha rama concreta de mamíferos a partir da que chegou a formarse o individuo humano.

Actividades

- 1  **Saco de dúbidas.** En que consiste a teoría da evolución proposta por Darwin e cales son as súas afirmacións máis importantes?
- 2  Redacta un texto explicando en que cambia para ti saber que o ser humano non procede dos monos, senón doutros prehomínidos específicos.
- 3 Por que cres que a teoría da evolución obrigou a reformular as ensinanzas tradicionais do cristianismo que facían referencia ao ser humano?

Textualmente

«Á idea do tempo están indisolublemente ligadas outras nocións como as de orixe, continuidade, inestabilidade e continxencia. Orixe, posto que se considera que a aparición da vida é un acontecemento acaecido desde a formación da terra ou unha soa vez ou moi raramente. Todos os seres vivos actualmente descenden, así pois, dun único e mesmo antepasado, ou dun número moi restrinxido de formas primitivas. Continuidade, posto que, desde a aparición do primeiro organismo, o ser vivo só pode nacer do vivente. Se a terra está hoxe poboada de variados organismos, este é o resultado de reproducións sucesivas. Inestabilidade, posto que se a fidelidade da reprodución conduce case sempre á formación do idéntico, pode suceder, rara vez, pero con certeza, que dea orixe a seres distintos: por estreita que sexa esta marxe, é suficiente para asegurar a variación necesaria á evolución. Continxencia, en último termo, posto que non se

descobre ningunha intención de ningún tipo na natureza, ningunha acción concertada do medio sobre a herdanza, capaz de orientar a variación nun sentido premeditado: non existe, pois, ningunha necesidade a priori para que exista un mundo vivente tal como é hoxe. Todo organismo, calquera que sexa, encóntrase así indisolublemente ligado ao espazo que o rodea e ademais ao tempo que o levou a ser o que é e lle confire algo así como unha cuarta dimensión».

F. Jacob, *A lóxica do vivente*, cap. III.

- 1 Fai un esquema no que expliques as catro dimensións que conforman a evolución de calquera ser vivo.
- 2 Comenta esta idea do texto: «non existe, pois, ningunha necesidade a priori para que exista un mundo vivente tal como é hoxe».

2

Ser humano, animal e medio

2.1. As causas da hominización

A **hominización** —ou sexa, a aparición dos primeiros seres humanos sobre a terra—, explícase a partir da idea darwinista de que a adaptación ao medio vai alterando os órganos dun ser vivo concreto facéndoo adquirir mutacións que logo se transmiten hereditariamente aos seus descendentes.

En concreto, nos *Homo sapiens* o feito de camiñar erectos sobre os pés deixou libres as mans, que cumpren moitas das funcións que, nos animais que andan a catro patas, realizan as mandíbulas.

Ao deixar de utilizarse as mandíbulas, a súa musculatura, que rodeaba e que comprimía o cranio, deixou a liberdade necesaria para que este adquirise maior espazo facilitando a evolución do cerebro.


Ao camiñar erecto, os ollos do *Homo sapiens* situáronse mirando cara a diante, o que facilitou as tarefas coas mans, que xa non se utilizaban só para trepar e para saltar de rama en rama, senón que adquiriron outras posibilidades e outras funcións.

Xa o filósofo grego Anaxágoras, no século V a. C., consideraba que as mans do ser humano eran un sinal de prioridade sobre os animais. E Aristóteles chegou a comparar o pensamento coa man, porque consideraba ambos os dous o instrumento dos instrumentos, pois poden empregarse para todos os fins.

Cada animal, na súa particular forma de adaptación ao medio, desenvolveu órganos de acción, sexan de defensa ou de ataque: as poutas, o león; a cornamenta, o cervo; o longo coto, a xirafa...

Todos os animais poderían adoptar a posición erecta e conseguir un desenvolvemento da súa codia cerebral parecido ao do ser humano, pero non o fixeron, senón que seguiron liñas evolutivas distintas.

A filosofía en persoa



Anaxágoras (499-428 a. C.) foi un filósofo grego, do grupo dos presocráticos, que afirmaba que a realidade está composta de *homeomerías*, substancias simples e cualitativamente diferentes, que se moven e se combinan impulsadas por unha substancia especial chamada *nous* (razón). Pensaba que o ser humano adquirira a intelixencia porque tiña mans.

No caso do *Homo sapiens*, a súa situación de desprotección, debida á súa precaria dotación corporal, encamiñouno ao aumento da súa capacidade cerebral e ao perfeccionamento progresivo da súa intelixencia como o instrumento propio e especializado da súa loita pola supervivencia.

2.2. A interacción co medio

Non é posible comprender as especies animais ou o ser humano observando só os seus organismos e o proceso da súa evolución. É preciso estudalos en conexión co seu ambiente vital, e ao ser humano, ademais, hai que estudalo en relación co seu proceso de humanización.

Cada especie animal compórtase de acordo cun código xenético herdado que entra en funcionamento no medio concreto no que cada animal vive. Non é o mesmo o medio das aves que o dos réptiles.

Esta interacción significa que, para cada animal, os obxectos ou os estímulos do medio teñen un valor e un significado distinto en función da súa relación con eles.

Por exemplo, para un raposo, non teñen o mesmo valor unha galiña, un can e un burro. O seu alimento preferido é a galiña. Non obstante, para unha pulga, estes tres animais valen o mesmo, porque calquera lle serve para instalarse nel.

Glosario

Hominización: conxunto de factores biolóxicos, fisiolóxicos e naturais en xeral que permitiron a aparición da especie humana actual, o *Homo sapiens*. Este proceso de hominización tivo o seu punto de partida en especies de homínidos como o *Homo habilis* ou o *Homo erectus*. Entre os cambios fundamentais que caracterizan a hominización hai que destacar a posición ergueita, o polgar prénstil, a bipedestación, o desenvolvemento cerebral, a capacidade reprodutiva...

Glosario

Humanización: proceso de socialización e de formación dunha cultura simbólica mediante a que se desenvolve a especie humana actual, o *Homo sapiens*. Mentres que a hominización se refire a factores biolóxicos, a humanización remite a factores sociais e culturais, como, por exemplo, o desenvolvemento dunha linguaxe simbólica articulada, a creación de símbolos (as pinturas rupestres), a aparición de rituais, a invención da tecnoloxía lítica, o dominio do lume... Ambos os dous procesos están intimamente relacionados.

En consecuencia, os ambientes nos que cada especie animal habita están fixados para ela e sintonizados coa dinámica do seu organismo de acordo coa súa programación xenética.

Por esa razón, pódense descubrir dependencias e correlacións esenciais entre os ambientes e a estrutura de cada organismo.

Segundo algunhas importantes correntes filosóficas, unicamente o ser humano é capaz de elevarse por enriba dos estímulos producidos polas impresións sensibles, procedentes do exterior, e proxectar un mundo propio, construír «o seu mundo».

Este proxecto humano do «seu mundo» é, ao mesmo tempo, o proxecto de si mesmo, no que o ser humano despreza todas as súas posibilidades vitais e no que fai uso da súa liberdade.

Agora ben, os animais e os seres humanos non existen senón en relación co seu medio vital, aínda que interaccionan co medio de xeito diferente:

- No caso dos animais, a súa forma típica e xeneticamente programada de actuar mantén **unha conexión fixa co medio no que viven**. Esta hipótese foi confirmada mediante experimentos que se levaron a cabo con abellas.
- Pola contra, no caso dos seres humanos, a interacción co medio está dirixida pola intención de ir modificándoo para **poñelo ao servizo do propio plan de vida**.

Por exemplo, os primeiros machados de pedra fabricados polos seres humanos non eran instrumentos especializa-

dos, senón que se podían empregar para realizar moitas tarefas diferentes.

Co seu perfeccionamento, os machados de pedra comezaron a cumprir obxectivos máis concretos e, ao mesmo tempo, máis variados, con efectos tamén diferentes na modificación do medio.

2.3. O ser humano, un animal singular

Precisamente porque os seres humanos non teñen unha programación prefixada dos seus comportamentos, senón que, pola contra, están dotados de liberdade de acción, as súas formas de vida non ofrecen a estabilidade e a seguridade que presentan as dos animais.

Esta diferenza detéctase xa na súa distinta estrutura corporal. Cando nace, o ser humano non é capaz de andar inmediatamente e de buscar o seu alimento en pouco tempo.

O ser humano necesita un período de maduración fisiolóxica que é, ao mesmo tempo, un período de aprendizaxe da súa familia, das súas amizades e dos seus educadores. Este período denomínase **«proceso de socialización»** e nel resulta esencial a aprendizaxe da linguaxe.

Dende a Antigüidade considérase o ser humano un animal que ten algo específico e propio: a linguaxe e a razón. O ser humano é un **animal racional**. E esta racionalidade lingüística completa outras diferenzas orgánicas que singularizan o ser humano con respecto a todos os demais animais.

Textualmente

«Descubrín por experimentos que os abellóns son case indispensables para a fecundación do pensamento (*Viola tricolor*), pois outros himenópteros non visitan esta flor. Tamén encontrei que as visitas dos himenópteros son necesarias para a fecundación dalgúñas clases de trevo; por exemplo, 20 cabezas de trevo branco (*Trifolium repens*) produciron 2 290 sementes, pero outras 20 cabezas resgardadas dos himenópteros non produciron nin unha. Ademais, 100 cabezas de trevo vermello (*Trifolium pratense*) produciron 2 700 sementes, pero o mesmo número de cabezas resgardadas non produciu nin unha soa semente. Só os abellóns visitan o trevo vermello, pois os outros himenópteros non poden alcanzar o néctar. Indicouse que as bolboretas poden fecundar os trevos; pero dubido de como poderían facelo no caso do trevo vermello, pois o seu peso non é suficiente para deprimir os pétalos chamados ás. De aquí podemos deducir como sumamente probable que se todo o xénero dos abellóns chegase a extinguirse ou a ser moi raro en Inglaterra, os

pensamentos e o trevo vermello desaparecerían por completo. O número de abellóns nunha bisbarra depende en boa medida do número de ratos de campo, que destrúen os seus niños, e o coronel Newman, que puxo moita atención na vida dos abellóns, cre que máis de dúas terceiras partes deles son destruídos así en toda Inglaterra. Agora ben: o número de ratos depende moito, como todo o mundo sabe, do número de gatos [...]. Por conseguinte, é completamente verosímil que a presenza dun felino moi abundante nunha bisbarra poida determinar, mediante a intervención primeiro dos ratos e logo dos himenópteros, a frecuencia de certas flores naquela bisbarra».

C. Darwin, *A orixe das especies*, 4.

- 1 Que pápel ten o contorno na existencia dos seres vivos?
- 2 Pon algúns exemplos de interacción de seres vivos co seu contorno como os que refire Darwin neste texto.

2 Ser humano, animal e medio

Por exemplo, os órganos humanos dos sentidos están conectados con funcións cerebrais superiores e coa linguaxe. Ou sexa, os seres humanos non reaccionamos automaticamente ao medio e aos seus estímulos. Entre os estímulos e as respostas, o cerebro produce a reflexión e o pensamento.

Os seres humanos producen conceptos, símbolos, palabras, imaxes, ciencia, arte, técnica, cos que interpretan o mundo e o modifican ao servizo do seu proxecto de vida.

Textualmente

«O home, como se dixésemos, descubriu un novo método para adaptarse ao seu ambiente. Entre o sistema receptor e o efector, que se encontran en todas as especies animais, achamos nel como elo intermedio algo que podemos sinalar como sistema "simbólico". Esta nova adquisición transforma a totalidade da vida humana. Comparado cos demais animais, o home non só vive nunha realidade máis ampla, senón, por dicilo así, nunha nova dimensión da realidade. Existe unha diferenza innegable entre as reaccións orgánicas e as respostas humanas. No caso primeiro, unha resposta directa e inmediata segue ao estímulo externo; no segundo, a resposta é demorada, é interrompida e atrasada por un proceso lento e complicado de pensamento. [...] O home non pode escapar do seu propio logro, non lle queda máis remedio que adoptar as condicións da súa propia vida; xa non vive soamente nun puro universo físico, senón nun *universo simbólico*. A linguaxe, o mito, a arte e a relixión constitúen partes deste universo; forman os diversos fíos que tecen a rede simbólica, a urdiñoira complicada da especie humana. Todo progreso en pensamento e experiencia afina e reforza esta rede. O home non pode xa enfrontarse coa realidade dun modo inmediato; non pode vela, como se dixésemos, cara a cara. A realidade física parece retroceder na mesma proporción que avanza a súa actividade simbólica. [...]

[...] Polo tanto, en lugar de definir o home como un animal racional, definíremolo como un animal simbólico. Deste modo podemos designar a súa diferenza específica e podemos comprender o novo camiño aberto ao home: o camiño da civilización».

E. Cassirer, *Antropoloxía filosófica*.

- 1 Que vantaxes lle proporciona ao ser humano a súa actividade simbólica; por exemplo, a linguaxe?
- 2 Sinala algunhas diferenzas entre a intelixencia animal e a razón humana.
- 3 Comenta brevemente esta frase de Cassirer: «O home xa non vive soamente nun puro universo físico, senón nun *universo simbólico*».

A partir desta capacidade reflexiva e creativa humana, conclúese que hai que comprender ao ser humano en virtude do que é desde o punto de vista biolóxico como animal, e tamén tendo en conta o que fai **desde o punto de vista cultural como un ser que crea e que transforma continuamente o seu mundo**.

Neste sentido, débese ter presente que a cultura non é un factor que forme parte do ser humano como o instinto ou como as capacidades corporais propias dos animais, senón que é a característica específica humana, o aspecto distintivo que o converte nun ser humano.

Debido a esta singularidade, pódese afirmar —como se fixo desde algúns ámbitos da filosofía—, que **o mundo do ser humano, o mundo no cal e polo cal se mostra como ser humano, é a cultura**. E a súa orixinalidade consiste en combinar elementos enraizados na súa natureza corporal con outros procedentes da súa herdanza cultural.

Textualmente

«Se en verdade a conciencia significa elección, e se o papel da conciencia é decidir, resulta dubidoso que teñan conciencia os organismos que non se moven espontaneamente e non toman decisións. En realidade, non hai criatura que pareza totalmente incapaz de movemento espontáneo. Mesmo no mundo das plantas, onde o corpo está xeralmente fixo no chan, a capacidade de moverse adoita parecer durmida: esperta cando pode ser útil. Creo que todos os seres vivos, plantas e animais, teñen esa posibilidade, pero moitos deles renuncian a ela; por exemplo, os animais que viven como parasitos doutros organismos e non teñen necesidade de ir a buscar comida, e a maioría das plantas. [...] Polo tanto, parece probable que a conciencia orixinalmente inmanente a todo o que vive dorme alí onde non hai movemento espontáneo e esperta cando a vida impulsa a actividade libre. Cada un de nós é capaz de verificar esta mesma lei. Que sucede cando unha das nosas accións deixa de ser espontánea para ser automática? Retírase dela a conciencia. [...] Cales son os momentos en que a nosa conciencia está máis animada? Non son os momentos de crise interna, cando dubidamos entre dúas ou máis eleccións, cando sentimos que o noso futuro dependerá do que fixemos?».

H. Bergson, *A enerxía espiritual*, Conciencia e vida.

- 1 Segundo o texto, que vínculo hai entre elección e conciencia?
- 2 Xustifica como esta concepción da conciencia exposta por Bergson leva a distinguir entre diferentes niveis evolutivos, desde o menos desenvolvido ata a liberdade humana.

2.4. Os rastros no ser humano civilizado do seu pasado arcaico

Desta comprensión científica do ser humano como resultado da evolución non se pode concluír a idea de que superase, no seu actual estado civilizado, o seu pasado animal e primitivo.

Mesmo nas sociedades máis evolucionadas persisten usos, crenzas, supersticións e modos de divertirse que son supervivencias dos comportamentos dos nosos antecesores.

Un exemplo desta pervivencia é que moitas persoas aínda cren en que espíritos e demos interveñen na súa vida. **Comportamento mítico e máxico** segue presente no noso mundo civilizado.

De igual modo, o noso pasado animal e arcaico déixase sentir tamén nos ámbitos do noso comportamento máis afastados da nosa conciencia racional, como son os soños, as paixóns, o delirio ou a loucura. Esta influencia mostra que as tendencias mentais dos seres humanos primitivos perduran na actualidade.

A conciencia deste feito tamén levou a relacionar ese trasfondo animal e salvaxe do ser humano cos seus comportamentos antisociais e criminais.


Algúns actos de violencia e de ferocidade, que seguramente eran necesarios no ser humano primitivo para alimentarse, para defenderse e para asegurar así a súa supervivencia nunha natureza hostil, rexorden na actualidade causando graves danos á convivencia social.

Textualmente

«[...] o home non é unha criatura tenra e necesitada de amor que só ousaría defenderse se a atacasen, senón, pola contra, é un ser entre cuxas disposicións instintivas tamén debe incluírse unha boa porción de agresividade. Por conseguinte, os demais non lle representan unicamente posibles colaboradores e obxectos sexuais, senón tamén un motivo de tentación para satisfacer neles a súa agresividade, para explotar a súa capacidade de traballo sen retribuíla, para aproveitálos sexualmente sen o seu consentimento, para apoderarse dos seus bens, para humillalos, para ocasionarlles sufrimentos, martirizalos e matalos. *Homo homini lupus*: quen se atrevería a refutar este refrán, despois de todas as experiencias da vida e da historia?».




S. Freud. *O malestar na cultura*, V.

- 1 Cres que o pesimismo con respecto ao ser humano que mostra Freud neste texto é esaxerado ou é realista? Xustifica a túa resposta.
- 2 Que diferenzas poderías sinalar entre a agresividade animal e a humana?



O ser humano civilizado conserva rastros dos comportamentos irracionais dos seus antecesores (Baccio Bandinelli, Hércules e Caco, Praza da Signoria, Florencia).

Actividades

- 1 Entre a posición erecta, a liberación das mans e o desenvolvemento do cerebro, que consideras máis decisivo para a hominización? Razona a túa resposta.
- 2  **O espello.** Explica a diferente forma de interactuar co medio dos animais e dos seres humanos.
- 3  Encontras algunha relación entre o enraizamento dos seres humanos no seu medio e os seus sentimentos cara ao lugar no que viven? Xustifica a túa resposta.
- 4  Escollede algunha creación cultural humana (conceptos, imaxes, teorías científicas, obxectos artísticos...) e explicade como permite interpretar o mundo e modificalo para poñelo ao servizo do proxecto de vida dos seres humanos.
- 5 Poñede exemplos de comportamentos irracionais do ser humano que perduran na nosa civilización actual.

Concepcións filosóficas do ser humano

3.1. A visión grega de ser humano: de Homero a Sócrates

Os mitos e as lendas da Antigüidade xa nos ofrecen algún tipo de reflexión sobre a condición humana. Por exemplo, na *Iliada*, **Homero** presenta unha comprensión trágica do ser humano, **fráxil e sometido ao destino**.

Esta concepción desenvólvese despois en boa parte da poesía e do teatro gregos; por exemplo, en Píndaro, en Sófocles ou en Esquilo.

Máis tarde, co movemento coñecido como a «Ilustración ateniense» (cara ao século IV a. C.), os filósofos chamados «**sófistas**» presentan a imaxe do ser humano como **dono de si mesmo e capaz de dominar a natureza**. Protágoras chegou a afirmar que o ser humano é a medida de todas as cousas.

No mesmo contexto que os sofistas, **Sócrates**, figura clave para o despregamento da filosofía occidental, propón xa unha imaxe do ser humano como **ser racional e moral**, cuxa educación debe ir orientada a facer da súa razón a guía da súa existencia.

3.2. O dualismo antropolóxico de Platón

Platón, discípulo de Sócrates, sostén que o ser humano é un composto de dous elementos ou substancias: **o corpo e a alma**.

Segundo Platón, a alma é inmortal, concepción que complementa coa crenza na metempsicose é dicir, na reencarnación da alma noutro corpo tras a morte.

A alma é a **sede da racionalidade**, trazo característico dos seres humanos fronte aos demais seres vivos.

A razón é, pois, o órgano do coñecemento verdadeiro e das virtudes éticas do individuo. Fronte a ela, o corpo é moroso, está sometido ás paixóns, ás necesidades e aos impulsos; fonte de coñecemento pouco fiable e é a sede das virtudes físicas inferiores.

En definitiva, Platón critica o materialismo, corrente de pensamento para a que a alma só é un produto derivado da actividade do corpo sen o que non podería existir. Para o materialismo, a alma, ou a mente, sería un efecto que terá causas físicas e que estaría determinado por estas condicións materiais.

3.3. A psicoloxía aristotélica

A diferenza do seu mestre Platón, Aristóteles pensa que a alma é un **principio vital** compartido por todos os seres vivos que os diferencia dos seres inanimados.

Esta perspectiva naturalista de Aristóteles implica que a alma non se considera unha entidade específica dos seres humanos fronte ao resto de seres vivos, senón que se identifica en boa medida coa vida. Polo tanto, serve para comprender a conexión entre os seres humanos e os demais seres vivos.

A alma está unida ao corpo, dando lugar a unha substancia o ser vivo, cuxa materia é o corpo e cuxa forma é a alma. A alma e o corpo manteñen entre si unha **unión e interdependencia mutuas**, de modo que a alma é a forma esencial do ser vivo.

No caso dos seres humanos, a alma ten dúas funcións fundamentais: é o principio do movemento e da sensación, tamén é o órgano do coñecemento (imaxinación, sentido da memoria e pensamento).

Textualmente

«—Considera agora a cuestión, tendo en conta que, unha vez que se xuntan alma e corpo nun só ser, a natureza prescribe a este servir e ser mandado, e a aquela, en cambio, mandar e ser a súa dona. Segundo isto tamén, cal destas dúas atribucións che parece máis semellante ao divino e cal ao mortal? Non estimas que o divino é apto por natureza para mandar e dirixir, e o mortal, para ser mandado e servir?

—Tal é, polo menos, o meu parecer.

—Pois ben, a cal dos dous se semella a alma?

—Evidente é, Sócrates, que a alma seméllase ao divino, e o corpo, ao mortal.

—Considera agora, Cebes —proseguíu—, se de todo o dito nos resulta que é ao divino, inmortal, intelixible, uniforme, indisoluble e que sempre se presenta en identidade consigo mesmo e de igual xeito ao que máis se asemella a alma;

e se, pola contra, é ao humano, mortal, multiforme, intelixible, disoluble e que nunca se presenta en identidade consigo mesmo ao que, á súa vez, se asemella máis o corpo. Podemos dicir contra isto outra cousa para demostrar que non é así?

—Non podemos.

Platón, *Fedón*, 79e-80b.

1 Cal é, segundo expón Platón no texto, a natureza da alma e a que se asemella? E o corpo?

2 Que tipo de unión entre a alma e o corpo se desprende da concepción platónica deses dous compoñentes do ser humano?

3 Compara as concepcións platónica e aristotélica do ser humano, sinalando o que teñen en común e explicando en que se diferencian.

3.4. Tomé de Aquino: creación a imaxe divina

Tomé de Aquino, filósofo medieval que viviu no século XIII, concibe o ser humano como **creado por Deus á súa imaxe e semellanza**, e, continuando coa tradición clásica, defíneno como un **composto de dúas substancias: a material e a espiritual**.

Para Tomé de Aquino, a alma está estreitamente ligada ao corpo, que é materia. O corpo necesita doutra entidade, a alma, para conformar un ser humano completo. Nisto consiste a dualidade materia-forma no ser humano: a materia é o corpo e a forma é a alma.

Segundo a Aristóteles, Tomé de Aquino ensina que a alma é o principio vital do corpo; isto é, é o principio do movemento do corpo (ánima) e o principio do coñecemento (sen alma, o corpo non podería coñecer o mundo que o rodea).


3.5. Pico della Mirandola: antropocentrismo e humanismo

Recollendo a influencia da Antigüidade clásica e das tradicións relixiosas baseadas no Libro (xudaísmo, cristianismo, islamismo), o filósofo renacentista Pico della Mirandola describe o ser humano como un ser capaz de adaptarse a todas as situacións e ambientes: **o ser humano está dotado dunha liberdade que ningún outro ser vivo pode igualar**.

Ademais, os seres humanos destacamos pola nosa racionalidade, pola capacidade de dominar a natureza e de transformala, e pola nosa creatividade e a nosa versatilidade.

Pico della Mirandola retoma o mito clásico de Prometeo, que reinterpreta desde unha perspectiva cristiá: Deus creou todas as criaturas e, unha vez repartidas todas as capacidades e todas as habilidades entre elas, decidiu crear o ser humano, pero non quedaba xa ningunha calidade específica co que dotar esta especie. Esta indefinición é a raíz da liberdade humana.

Actividades

- 1  **O espello.** Que diferenzas podes sinalar entre as concepcións do ser humano que teñen Homero e Sócrates?
- 2 En que cambia a concepción antropocéntrica do humanismo, propia do Renacemento, con respecto á concepción medieval?
- 3 En que se opón Heidegger ás concepcións tradicionais do ser humano?

Para Pico della Mirandola, os seres humanos non estamos constringidos nin limitados pola nosa natureza, senón que somos libres para construír as nosas vidas e para transformar a natureza e adaptala á nosa vontade. En definitiva, **o ser humano é un ser que pode transformarse e recrearse a si mesmo**.

3.6. De Heidegger a Foucault: o debate contemporáneo

Cada unha destas definicións históricas descobre algún aspecto característico do ser humano. Pero a todas elas, segundo Heidegger, hai que engadirle o feito de que o ser humano nunca é un ser definitivo que sempre se repite de acordo con esas características do seu ser, senón que **é constitutivamente autotransformación e autodespregamento**.


Calquera outro animal non fai senón repetir o que xa é; en cambio, para Heidegger o específico do ser humano é o seu baleiro a disposición do ser, o seu **constitutivo éxodo de si mesmo en busca do ser**.

En cambio, segundo o **estruturalismo**, o ser humano non é, en absoluto, un proxecto en busca de si mesmo, senón **o que opera transaccións ou mediacións entre as cousas segundo regras establecidas e observadas**.

O ser humano non realiza, ou non intenta realizar, a historia indeterminada da súa liberdade, senón que edifica regulamentadamente un conxunto arquitectónico de formas culturais.

Michel Foucault expresa esta perspectiva dicindo que é preciso ir, de agora en diante, dun contido animado e percibido por unha conciencia, a unha organización descuberta e descrita, sen preguntarse xa pola conciencia que a concibiu ou a sentiu.

Con Foucault, afastámonos do ser humano como subxectividade creadora, para subliñar a imaxe doutro ser humano, **produto, arquitecto e testemuña das obxectividade organizadoras que poñen orde nas cousas**.



A filosofía en persoa

Michel Foucault (1926-1984) foi un filósofo francés que se ocupou de temas como a constitución histórica das distintas formas de discurso das chamadas «ciencias humanas» (historia, psicoloxía, lingüística...) e dos diversos modos de exercicio do poder. Ambas as dúas investigacións levárono a adoptar posturas antihumanistas elaboradas a partir de posicións estruturalistas.

Descubro o que aprendín



- 1 Explica o significado do concepto de selección natural na teoría da evolución de Darwin.
- 2 Cal das seguintes afirmacións sobre a teoría da evolución de Darwin é falsa?
 - a) A selección natural é o proceso evolutivo polo que os individuos mellor adaptados ao medio teñen maiores oportunidades de sobrevivir e de reproducirse.
 - b) Na loita pola vida sobreviven os individuos mellor adaptados ao medio, os máis fortes.
 - c) Todas as especies de seres vivos foron creadas por Deus e non evolucionan.
 - d) É preciso supoñer un parentesco real entre todas as formas de seres vivos, xa que todos derivamos dunha mesma orixe común.
- 3 Entre as seguintes posibilidades, elixe a que explica como se produce a evolución.
 - a) Acontecen saltos bruscos e coexisten moitas ramas evolutivas diverxentes, superiores e inferiores, de forma paralela e desconectadas entre si.
 - b) O proceso evolutivo é froito dos designios divinos e culmina coa aparición do ser humano.
 - c) É unha liña recta que vai das especies inferiores aos seres vivos máis evolucionados.
 - d) Acontecen saltos bruscos e coexisten moitas ramas evolutivas que levan desde os seres máis primitivos aos máis evolucionados.
- 4 Explica brevemente o proceso evolutivo que levou á aparición do ser humano.
- 5 Elixo as opcións correctas nas que se definen os conceptos de hominización e de humanización.
 - a) A hominización é o proceso de socialización e de formación dunha cultura simbólica mediante a que se desenvolveu a especie humana actual, o *Homo sapiens*.
 - b) A hominización é o conxunto de factores biolóxicos, fisiolóxicos e naturais en xeral que permitiron a aparición da especie humana actual, o *Homo sapiens*.
 - c) A humanización é o proceso de socialización e de formación dunha cultura simbólica mediante a que se desenvolveu a especie humana actual, o *Homo sapiens*.
 - d) A humanización é o conxunto de factores biolóxicos, fisiolóxicos e naturais en xeral que permitiron a aparición da especie humana actual, o *Homo sapiens*.
- 6 Elixo as opcións correctas nas que se explican as diferentes formas de relacionarse co medio dos animais e dos seres humanos.
 - a) No caso dos animais, a súa forma típica e xeneticamente programada de actuar mantén unha conexión fixa co seu medio.
 - b) No caso dos animais, a interacción co medio está dirixida pola intención de ir modificándoo para poñelo ao servizo do propio plan de vida.
 - c) No caso dos seres humanos, a súa forma típica e xeneticamente programada de actuar mantén unha conexión fixa co seu medio.
 - d) No caso dos seres humanos, a interacción co medio está dirixida pola intención de ir modificándoo para poñelo ao servizo do propio plan de vida.
- 7 Pode dicirse, segundo a opinión de Aristóteles no seguinte texto, que a linguaxe (o logos) diferencia o ser humano dos demais animais?

«A razón de que o home sexa un ser social, máis que calquera abella e que calquera outro animal gregario, é clara. A natureza, pois, como dicimos, non fai nada en van. Só o home, entre os animais, posúe a palabra. A voz é unha indicación da dor e do pracer; por iso téñena tamén outros animais. [...] En cambio, a palabra existe para manifestar o conveniente e o daniño, así como o xusto e o inxusto. E isto é propio dos humanos fronte aos demais animais: posuír, de modo exclusivo, o sentido do bo e do malo, do xusto e do inxusto, e as demais apreciacións. A participación comunitaria nestas fundas a casa familiar e a cidade».

Aristóteles, *Política*, I, 1553a.
- 8 Explica en que coinciden e en que se diferencian as concepcións do ser humano de Aristóteles e de Tomé de Aquino.
- 9 Conta e analiza o mito grego de Prometeo no que se basea a interpretación do ser humano de Pico della Mirandola e explica o xiro antropocéntrico do humanismo renacentista fronte á concepción medieval.
- 10 Nas súas respectivas concepcións do ser humano, Heidegger é un existencialista e Foucault é un estruturalista. Cales son as razóns de que se opoñan un ao outro?